

**‘CAMPIONATO TERRITORIAL’  
2ª DIVISIÓN INFANTIL FEMININA**

1

**FÓRMULA DE COMPETICIÓN**

Esta competición disputarase en tres (3) fases, levándose a cabo cos criterios que a continuación se detallan:

**1ª FASE ou LIGA REGULAR:** Os vindetous (22) equipos participantes distribuiranse en tres (3) grupos, dous de sete (7) equipos e un de oito (8) equipos, e xogarán baixo o sistema de liga, todos contra todos a dobre volta.

**2ª FASE ou FASE FINAL:**

ELIMINATORIA polo TÍTULO:

A disputarán os equipos clasificados no primeiro (1º) posto da Liga Regular en cada un dos tres (3) Grupos da 1ª Fase ou Liga Regular. Xogarase polo sistema de “Triangular”, xogando todos contra todos a unha volta nunha mesma sede e nun mesmo día.

| ELIMINATORIAS  |  | DÍA DE CELEBRACIÓN               |
|----------------|--|----------------------------------|
| Eliminatoria 1 | Primero Grupo 1 – Primeiro Grupo 2         | Sábado ou Domingo<br>22-23/02/20 |
| Eliminatoria 2 | Perdedor Eliminatoria 1 – Primeiro Grupo 3 | Sábado ou Domingo<br>22-23/02/20 |
| Eliminatoria 3 | Vencedor Eliminatoria 1 - Primeiro Grupo 3 | Sábado ou Domingo<br>22-23/02/20 |

Os horarios por parte do equipo locatario, se fixarán en base as distancias kilométricas (NO.RE.BA.GA.)

O vencedor e primeiro (1º) clasificado desta ELIMINATORIA polo TÍTULO terá o dereito a participar na eliminatoria previa a partido único\* (Eliminatoria pola Final Four) entre o 5º Clasificado da División de Honra Infantil Feminina e o 1º Clasificado da 2ª Infantil Feminina.

2

## DATAS DE CELEBRACIÓN

### **1ª FASE ou LIGA REGULAR:**

Desenvolverase entre os días 05 de Outubro de 2019 e o 16 de Febreiro de 2020.

### **2ª FASE ou FASE FINAL:**

ELIMINATORIA polo TÍTULO:

Desenvolverase o día 22 ou 23 de Febreiro de 2020.

### **\*ELIMINATORIA POLA FINAL FOUR:**

| EQUIPO LOCAL   | EQUIPO VISITANTE                                      | DATA DE CELEBRACIÓN       |
|--|---|---------------------------|
| 1º Clasificado na 2ª División Infantil Feminina  | 5º Clasificado na División de Honra Infantil Feminina | 28 ou 29 de Marzo de 2020 |
| A eliminatoria se disputará a partido único e por defecto na pista do equipo de 2º División. |   |                           |

### **3ª FASE ou FINAL FOUR:**

|                    | EQUIPO LOCAL                                       | EQUIPO VISITANTE                                   | DATA DE CELEBRACIÓN |
|--------------------|--|--|---------------------|
| <b>SEMIFINAL 1</b> | 3º Clasificado División de Honra Infantil Feminina | 4º Clasificado División de Honra Infantil Feminina | 18 de Abril de 2020 |
| <b>SEMIFINAL 2</b> | 2º Clasificado División de Honra Infantil Feminina | Vencedor Eliminatoria Pola Final Four              | 18 de Abril de 2020 |

|                      | EQUIPO LOCAL         | EQUIPO VISITANTE     | DATA DE CELEBRACIÓN |
|----------------------|----------------------|----------------------|---------------------|
| <b>3º E 4º POSTO</b> | Perdedor Semifinal 1 | Perdedor Semifinal 2 | 19 de Abril de 2020 |
| <b>FINAL</b>         | Vencedor Semifinal 2 | Vencedor Semifinal 1 | 19 de Abril de 2020 |

### **DEREITOS DE PARTICIPACIÓN NA FASE ESTATAL**

#### 1º Representante:

Accederá directamente a Fase Estatal do Campionato Infantil Feminino o equipo clasificado en primeiro (1º) lugar da 1ª Fase ou Liga Regular da División de Honra Infantil Feminina.

#### 2º Representante:

No caso de que a Federación Galega conte con, polo menos, quince (15) equipos na categoría Infantil Feminina participando nas diferentes competicións da categoría, contará cunha segunda plaza na Fase Estatal que se outorgará o vencedor da 2ª Fase ou Final Four.

No caso de que un club teña equipos en División de Honra e en 2ª División da mesma categoría; o/s equipo/s da inferior división so poderán acceder a Eliminatoria pola Final Four no caso de que o equipo de División de Honra acceda directamente a Fase Estatal como 1º Clasificado da Liga Regular ou quede clasificado nos postos 6º, 7º, 8º, 9º, 10, 11º e 12º da devandita liga.

#### Vacante por Renuncia ou Invitación:

No caso de xerarse unha vacante na Fase Estatal, por renuncia ou por invitación por parte da RFEBM, os dereitos de participación pasarán por este orde, primeiro o 2º Clasificado da Final Four, despois o 3º Clasificado da Final Four e por último, o 4º Clasificado da Final Four.

### **DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS**

Estas normas específicas do Campionato Territorial da DIVISIÓN DE HONRA INFANTIL FEMININA complementáanse co desenvolvido no Título 2 do NO.RE.BA. Galicia; en todos os

4

aspectos alí recollidos e que non son modificados polas bases específicas. Así mesmo, as devenditas normas complementáanse co establecido nos Regulamentos e Estatutos vixentes da Real Federación Española de Balonmán.

Os dereitos deportivos de todos os equipos de cara á tempada 2020/21 están condicionados aos acordos de asemblea xeral que terá lugar no último trimestre de 2019.